



**NARÓN**

**Datos Do Expediente:**

PROCEDEMENTO ABERTO	
Unidade Tramitadora:	
Contratacion e Obras Publicas - IMG	
Número expediente:	Documento:
CON/48/2014	CONYI0YP
485C176P6Y3N146E0F0M	

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DE AVALIACIÓN DAS REFERENCIAS TÉCNICAS, PARA A CONTRATACIÓN, MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO, DO SERVIZO DE ASISTENCIA TÉCNICA DE MONITORES ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS

**Presidente:** D. José M. Blanco Suárez, que actúa como presidente.

**Vogais:**

Dna. M. Angeles Manteiga Fulgueira, secretaria acctal  
D. Manuel G. Antón Villamil, interventor accidental  
Dna. Natalia Hermida Rico, concelleira delegada de Deportes

**Secretaria da Mesa:** Ignacio Mazaira Garro, xefe da Sección de Contratación.

Sendo as 12:00 horas do día vinte e tres de decembro de dous mil catorce, reúnese a Mesa de Contratación formada polos membros que enriba se expresan, para avaliar as ofertas técnicas presentadas polos licitadores do procedemento aberto para a adxudicación do servizo de monitores deportivos.

Declarada aberta a sesión pola presidencia, éntrase a debater o informe elaborado polo consulting ATP, asinado por D. Carlos Fernández Pérez na súa calidade de Xestor Deportivo, informe no que se analizan os criterios de licitación suxeitos a xuízo de valor das ofertas presentadas polas empresas licitadoras.

Realízase neste estudo un análise pormenorizado das ofertas, chegando as seguintes conclusións:

Nesta avaliación, pártese dos criterios de adxudicación expresados no prego de condicións administrativas:

1.- Plan de organización 30 puntos, onde se avaliarán: O análise das necesidades, desenvolvemento escolas deportivas/actividades (desglose/Programación, organización, obxectivos, Metodoloxía, Contidos avaliación, temporalización/secuenciación), Plan/control de calidade, coordinación do servizo e claridade, precisión e concreción.

2.- Melloras 20 puntos, onde se puntúan os conceptos de: Coste para o Concello, adecuación das mesmas para este Concello, duración e medios utilizados.

Propón o informe en primeiro lugar a descalificación da empresa HEBE SPORT S.L., por non axustarse aos especificacións mínimas do prego no obxecto fundamental do contrato que é a prestación de servizos.

Examinada pola Mesa a proposta técnica da devandita empresa, púidose comprobar que esta límitase a presentar unha xeira de fichas cos datos de: espazo, actividade, duración, niveis e temporalización,



## NARÓN

esquecéndose da maior parte das actividades desenvolvidas pola escola municipal (voleibol, tempo libre, baloncesto deporte rural, balonmán ....) e como coordinación presenta un esquema onde se relacionan mediante flechas os responsables do contrato coas diversas actividades. A Mesa estima que este non é un plan de organización, como se esixe no prego, polo que descarta a oferta presentada.

Unha vez analizadas as oferta unha a unha, o informe resume a puntuación outorgada no seguinte cadro:

Empresa	Plan de Organización	Melloras	Total
Arasti Barca M.A. S.L.	30	14	44
Axiña Servizos Deportivos S.L.	14	12	26
Eulen S.A.	26	17	43
Ferrovial S.A.U.	19	11	30
Servicio S.L.	20	20	40
Sedega	27	10	37

A Mesa de Contratación acordou facer seu este informe, coas puntuacións propostas, unha vez debatido o mesmo, e polo tanto ratificar a puntuación outorgada a cada unha das empresas licitadoras.

Levantada a sesión pola presidencia, as doce horas e vinte minutos da data indicada no encabezamento, esténdese a presente Acta que, trala súa lectura, asinan o presidente e o secretario da Mesa, do que, como secretario, dou fe.